

SERVIZO DE FESTAS

CONCELLERÍA
DE
PARTICIPACIÓN
CIDADÁ E FESTASCONCELLO
DE VIGO

Expediente nº 9641/335

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2023**Primeira.- Obxecto**

O Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do Entroido 2023 convocan o tradicional concurso de comparsas e carrozas que se realizará o **sábado 18 de febreiro**, dentro do programa de actividades e espectáculos do **Entroido 2023**. Neste concurso so poderán inscribirse aquelas comparsas integradas por un mínimo de 35 persoas.

Segunda.- Presentación de solicitudes

As Bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación locais e estarán a disposición das/os interesadas/os na páxina web municipal: <https://hoxe.vigo.org>. O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte á publicación das Bases na web municipal ata o **10 de febreiro de 2023** (este día incluído) na forma e nos termos previstos na mesma. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso.

As persoas físicas poderán presentar as súas solicitudes de inscrición a través do Rexistro do Concello de Vigo (Praza do Rei, 1) en horario de 09:00h a 13:30h, de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16,4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), ou a través de medios electrónicos, en base ao establecido no artigo 14, apartado 1) da mesma Lei que indica "*as persoas físicas poderán elixir en todo momento si se comunican coas Administracións Públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos*".

As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica en cumprimento do establecido do no artigo 14.1.2. da devandita Lei terán que presentar as solicitudes de inscrición a través da Sede electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/>), no impreso normalizado para este fin. No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa corrección mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a corrección.

Terceira.- Premios

Os premios establecidos para o concurso serán os seguintes:

- 1º PREMIO: 3.000,00 €
- 2º PREMIO: 2.500,00 €
- 3º PREMIO: 2.000,00 €
- 7 ACCÉSIT non acumulables aos tres primeiros premios de: 1.000,00 euros para as seguintes comparsas por orde de puntuación.
- As comparsas que non resultasen premiadas nin cos tres primeiros premios nin cos accésit recibirán a cantidade de 200 € en compensación dos gastos de desprazamento, ata un máximo de inscrición de 30 comparsas. No caso de inscribirse menos de 30 comparsas o importe dos

Copia do documento - Concello de Vigo
9641-335Data impresión: 01/02/2023 13:05 | Páxina 1 de 7
CSV: A9ADBD-8HED22-82CEAF-B8HDJX-P1PLP9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

premios que non se vaian a outorgar podería repartirse proporcionalmente aumentando a cuantía dos áccesits.

Os premios serán indivisibles e algúns deles poderán quedar desertos, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola comisión organizadora do **Entroido 2023**, constituída pola “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais” e pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” dentro dun prazo máximo de 90 días, unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

Cuarta.- Orde de desfile

O número da orde das comparsas inscritas no desfile asignarase mediante sorteo público. O sorteo realizarase o 15 de Febreiro de 2023, ás 12:00h no Auditorio Municipal do Concello de Vigo. No caso de cambio de data será comunicado ás entidades inscritas por correo electrónico cunha antelación mínima de 48 horas.

Co obxecto de facilitar a organización deste concurso e informar sobre as cuestións de seguridade, é indispensable que algún representante de cada comparsa inscrita acuda a este sorteo.

O sorteo para determinar a orde das comparsas realizarase do seguinte xeito:

- 1.- Sortearanse en primeiro lugar para os primeiros postos do desfile, aquelas comparsas que leven entre os seus compoñentes a dez ou mais persoas cunha discapacidade igual superior ao 33%. Esta circunstancia deberá xustificarse mediante a achega do certificado oficial xunto coa solicitude de inscrición no concurso.
- 2.- Sortearanse en segundo lugar, para os primeiros postos do desfile as comparsas infantís. Consideraranse infantís as comparsas con máis de 20 nenos/nenas (ata 13 anos).
As comparsas terán que indicar na súa solicitude o número de nenos/as que levan entre o total dos seus compoñentes.
- 3.- Sortearanse a continuación o resto das comparsas inscritas dentro do prazo establecido.

Sexta.- Organización do desfile

A montaxe, organización e o desfile das comparsas inscritas farase o sábado 18 de febreiro de 2023 nos seguintes lugares e horas:

- CONCENTRACIÓN E MONTAXE DO DESFILE (17:00 horas): Rúa García Barbón, entre a rontonda de Issac Peral e Xulián Estévez.
- DESFILE (18:00 horas): percorrido ata a rúa Policarpo Sanz.

As carrozas participantes terán que estar no lugar de concentración e montaxe do desfile a hora sinalada (17,00 horas).

Aquelas comparsas que cheguen máis tarde das 17,30 horas terán que desfilan no último lugar. Así mesmo, as comparsas que pola razón que sexa, cheguen despois das 18,00 horas quedarán fóra do concurso e non poderán ser valoradas polo xurado, mais poderán participar no último lugar do desfile, se o desexan.

Dous membros da organización do Entroido 2023 recollerán a hora de chegada de cada comparsa nun acta que será entregada ao xurado antes do comezo do desfile.

O lugar de concentración e montaxe do desfile e o percorrido do desfile e o desmonte podre sufrir modificacións por cuestións de seguridade. De non poder realizarse o percorrido, as comparsas e carrozas poderían ter permanecer de forma estática nunha ubicación e tempo a determinar polo Servizo de Festas, circunstancias que serán comunicadas no seu caso ás entidades inscritas por correo electrónico e cunha antelación mínima de 48 horas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/02/2023 13:05	Páxina 2 de 7
9641-335	CSV: A9ADB8-8HED22-82CEAF-B8HDJX-P1PLP9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/02/2023 13:05	Páxina 3 de 7
9641-335	CSV: A9ADBD-8HED22-82CEAF-B8HDJX-P1PLP9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sétima.- Características das carrozas

As carrozas participantes no desfile de comparsas non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar a cabeza tractora:

Longo: 8'00 m. / Ancho: 3'50 m. / Alto: 4'00 m.

Terán que levar obrigatoriamente un extintor de incendios na cabeza ou vehículo tractor, así como cumprir todas as cuestións de seguridade que se determine no Plan de Autoprotección que aportarán a Comisión organizadora do evento.

Dous membros da Comisión organizadora do Entroido 2023 recollerán as medidas de cada carroza nunha acta que lle será entregada ao xurado antes do comezo do desfile. En caso de que algunha das carrozas participantes incumpra as anteditas medidas quedarán excluídas directamente do desfile.

Así mesmo, e co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente, o persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...).

Dous membros da organización comprobarán a altura do alumeado instalado no percorrido con motivo do Entroido e calquera outro elemento do percorrido que poida interferir no correcto desenvolvemento do desfile, co obxecto de garantir a seguridade dos participantes e do público asistente.

Queda totalmente prohibido levar nas carrozas ou na vestimenta dos membros das comparsas publicidade ou calquera lenda que conteña mensaxes que atenten contra os principios constitucionais, os dereitos humanos ou a lexislación vixente.

Oitava.- Composición do xurado e criterios de valoración

Os criterios de valoración do concurso serán determinados polo xurado, que estará composto por:

PRESIDENCIA: Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas ou persoa en quen delegue.

VOGALÍAS: Dúas persoas vinculadas ás artes creativas, medios de comunicación, cultura, etc., e un membro da comisión organizadora do Entroido 2023.

SECRETARÍA: Persoal adscrito ao Servizo de Festas con voz e sen voto ou persoa en quen delegue.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas avaliación e cualificacións, pero deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, vestiario, orixinalidade, coreografías e presenza de elementos complementarios como carrozas, harmonía, simpatía, etc.

As persoas membros do xurado avaliarán as comparsas participantes no desfile dende diferentes puntos do percorrido sen determinar, non haberá un palco de xurado.

Novena.- Desfile

As comparsas inscritas deberán participar o día 18 de febreiro, sábado, no desfile de comparsas e carrozas, e poderán participar no cortexo de acompañamento as cinzas do Meco o día 22 de febreiro, mércores.

Décima.- Resolución do concurso

A decisión do xurado publicarase mediante a lectura da acta ao remate do sepelio do Meco que terá lugar na rúa García Barbón o mércores 22 de febreiro ás 19:30 horas. Este lugar podería sufrir modificacións con motivo das obras previstas na Porta do Sol e mais na rúa Elduayen. O dito cambio será comunicado ás comparsas participantes con antelación suficiente polo Servizo de Festas.

Será obrigatoria a presenza dalgunha persoa membro de cada comparsa participante no concurso do día 22 de febreiro ás 19:30 horas, durante a lectura da acta dos premios. A non presenza desta implicará a renuncia ao premio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/02/2023 13:05	Páxina 4 de 7
9641-335	CSV: A9ADBD-8HED22-82CEAF-B8HDJX-P1PLP9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Décimo primeira.- Observacións

O Concelleiro de Participación cidadá e Festas queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Décimo segunda.- Protección de datos

Os datos das persoas solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento do concurso de comparsas e carrozas obxecto das presentes bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación do concurso e demais actuacións previstas nestas bases.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Festas.

Os beneficiarios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Décimo terceira.- Aceptación das Bases

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión derivada da aplicación dos criterios de avaliación do xurado é inapelable.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Festas, M^a. Cristina Chao Polo

Conforme,

O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas

Pablo L. Estévez Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/02/2023 13:05

Páxina 5 de 7

9641-335

CSV: A9ADBD-8HED22-82CEAF-B8HDJX-P1PLP9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO****CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2023.**
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN.

NOME E APELIDOS
NIF.....ENDEREZO.....NÚM.....
CP.....LOCALIDADE.....
TELÉFONO.....CORREO ELECTRÓNICO.....
- EN NOME PROPIO

- EN REPRESENTACIÓN DA PERSOA XURÍDICA

.....CIF/NIF
ENDEREZO.....NÚM.....
CP.....LOCALIDADE.....
TELÉFONO.....CORREO ELECTRÓNICO.....
IBAN/Nº conta bancaria (20 díxitos)

(É imprescindible achegar unha fotocopia do DNI/CIF da entidades, e certificación bancaria en ambos os dous casos).

SOLICITA

A inscrición da comparsa denominada
Número de compoñentes da comparsa (mínimo de 35)
Presenta carroza ☐ SI ☐ NON
En caso afirmativo, resulta imprescindible cubrir os seguintes datos:
LONGOANCHOALTO
(Compre ver nas bases do concurso as medidas máximas permitidas)
Presenta algún outro tipo de elemento. ANIMAIS....., AUTOMÓBILES..... SI.....NON.....
En caso afirmativo, hai que indicar cales e o seu número
Leva nenos/as entre os seus compoñentes* SI NON..... Nº.....
Leva persoas con mobilidade reducida ou en cadeiras de rodas SI.....NON.....Nº.....

Vigo, de de 2023
SINATURA

EXCMO. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

** Consideraranse infantís aquelas comparsas que teñan entres os seus compoñentes máis de 20 nenos/as.*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/02/2023 13:05

Páxina 6 de 7

9641-335

CSV: A9ADB8-8HED22-82CEAF-B8HDJX-P1PLP9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO****INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE TRATAMENTO DOS DATOS.**

Responsable: Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Finalidade: Participación no concurso de comparsas e carrozas do Entroido 2023.

Lexitimación: Consentimento expreso.

Destinatarios dos datos: Concello de Vigo. Non se prevén cesións ou transferencias de datos.

Exercicio de dereitos sobre protección de datos: Os interesaods poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión dos seus datos e demais que lle recoñeza a normativa reguladora a través da Sede electrónica do Concello de Vigo (www.vigo.org) e demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contacto do delegado de protección: dpd.vigo@vigo.org

Procedencia dos datos: Os interesados

Información adicional: O tratamento e protección destes datos realízase de conformidade co previsto no Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, de xeito que os datos persoais sexan tratados garantindo os principios relativos ao seu tratamento así como os dereitos dos interesados ao respecto, e demais normativa vixente na materia.

